



DATOS IDENTIFICATIVOS

Educación e animación sociolaboral

Materia	Educación e animación sociolaboral			
Código	O05G130V01701			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Análise e intervención psicossocioeducativa			
Coordinador/a	Fernández González, María Reyes			
Profesorado	Brea Castro, Millán Fernández González, María Reyes			
Correo-e	ofoe-to@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php			
Descrición xeral	<p>O emprego é unha das experiencias máis significativas na vida das persoas e á que se dedica unha parte moi considerable da vida de éstas. Constitúe para moitas persoas un dos aspectos máis centrais e importantes na vida, tanto en referencia á propia identidade persoal, como ao propio desenvolvemento, crecemento individual e logro de expectativas e valores.</p> <p>O proceso de incorporación ao mundo laboral non pode ser alleo ás características persoais e ocupacionais de cada persoa, a un coñecemento do mercado laboral nin á realización dun proxecto profesional e persoal de busca de emprego.</p> <p>Nesta materia se presentan elementos facilitadores do proceso de incorporación/cambio de emprego e se analizan os recursos dispoñibles que poden axudar a facilitar a inserción, sendo un deles a educación e animación sociolaboral.</p> <p>Asimesmo se desenvolven as diferentes funcións que deben desempeñar os e as profesionais deste ámbito de intervención con distintos colectivos.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Transmitir, promover e desenvolver a cultura
B2	Xerar redes sociais, contextos, procesos e recursos educativos e sociais
B3	Intervir como mediador social, cultural e educativo
B4	Coñecer, analizar e investigar os contextos sociais e educativos
B5	Deseñar, implementar e avaliar programas e proxectos socioeducativos
B6	Xestionar, dirixir, coordinar e organizar institucións e recursos socioeducativos
C1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, lexislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
C2	Estar capacitado/a para o diagnóstico e a mediación na prevención e resolución de conflitos en condicións de desigualdade e crises en comunidades socioeducativas
C4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
C5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
C6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
C7	Manexar con criterio métodos e estratexias de investigación cuantitativas e cualitativas, e aplicalas ás realidades socioeducativas

C8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
C9	Desenvolver programas e proxectos no contexto familiar e escolar
C11	Organizar e administrar proxectos e servizos culturais, ambientais, de lecer e tempo libre
C12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
C13	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención no ámbito cultural
C19	Administrar, coordinar e supervisar entidades, equipamentos e grupos, en función de diferentes contextos e necesidades
D1	Capacidade de análise e síntese
D4	Utilización das TIC no ámbito de estudo e contexto profesional
D15	Creatividade
D17	Iniciativa e espírito emprendedor
D18	Apertura á aprendizaxe ao longo de toda a vida

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñece, comprende e manexa os elementos terminolóxicos e conceptuais relacionados coa materia, desde a súa dimensión psicossocioeducativa e laboral.	A2	B4	C1 C4 C6	D1
Identifica os ámbitos da educación e animación sociolaboral.	A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C4 C5	D1 D4
Identifica, coñece e analiza diversas experiencias relacionadas coa educación e animación sociolaboral.	A2	B4 B5 B6	C4 C7 C12 C19	D1 D4 D17
Propicia o acercamento ao mercado laboral e a aquelas entidades, institucións e organismos que con él se relacionan.	A4	B4 B5 B6	C2 C4 C8	D1 D4 D15 D17 D18
Elabora itinerarios personalizados de inserción (IPIs), definindo recursos de formación-emprego para a mellora profesional e respostando ás características i expectativas de cada persoa usuaria dun servizo de orientación laboral.	A2	B2 B5 B6	C2 C4 C5 C7 C8 C9 C11 C13 C19	D1 D4 D15 D18
Coñece e analiza as canles e ferramentas propias da busca activa de emprego.	A2 A4	B2 B4	C2 C4 C5 C8 C12	D1 D4 D15 D18

Contidos

Tema	
A ANIMACIÓN SOCIOLABORAL.	Conceptualización. A profesión de animador/a sociocultural. O Itinerario Personalizado de Inserción (IPI).
O EMPREGO COMO CONTEXTO PARA A ACCIÓN.	Natureza e significado do traballo. O mercado de traballo. A importancia do emprego. O desemprego.
A INSERCIÓN SOCIOLABORAL.	Aspectos básicos da inserción: transición á vida adulta e activa. Políticas (activas e pasivas) sociolaborais. Sistema Nacional de Emprego e Servizo Europeo de Emprego (EURES). Da FP (específica, ocupacional e continua) á Formación para o Emprego. Programas e iniciativas europeas relacionadas co emprego e a inserción laboral.

A BUSCA DE EMPREGO.

Autoconhecimento.
Coñecemento do mercado de traballo.
Proxecto profesional persoal.
Canais e ferramentas para a busca activa de emprego.
A oferta de emprego pública.
O proceso de selección de persoal. O seu proceso e as súas técnicas.
O autoemprego.

INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL CON COLECTIVOS ESPECÍFICOS.

Xuventude.
Mozos e mozas protexidos.
Universitarios/as: as prácticas externas en empresas e institucións..
Drogodependentes.
Poboación ex-reclusa.
Mulleres con dificultades de inserción.
Persoas con discapacidade e con enfermidades mentais.
Preparación para a xubilación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas de forma autónoma	15	30.5	45.5
Traballo tutelado	5	25	30
Lección maxistral	22.5	35	57.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	12	13
Estudo de casos	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	De carácter obrigatorio. O traballo de curso será especificado polo profesorado ao inicio do mesmo. A súa estrutura e criterios de avaliación serán explicados na aula e subidos a Moovi. Será realizado de forma xeral en pequeno grupo.
Traballo tutelado	De carácter obrigatorio. Serán realizados de xeito individual ou en pequenos grupos. Consistirán na aplicación práctica de diferentes aspectos que constitúen os contidos da materia. Serán realizados na aula (horas B) principalmente mediante o uso das TICs, visitas, reunións con profesionais,... e recibirán unha supervisión (tutela) continua por parte do profesorado.
Lección maxistral	As leccións que conforman o temario desta materia serán elaborados e presentados de modo expositivo ao grupo de clase polo/a profesor/a que centrará a súa exposición, preferentemente, nos aspectos nucleares de cada unidade didáctica, procurando ofrecer de xeito condensado a información esencial que posibilite obter unha visión panorámica ou de síntese de cada tema, delimitando os conceptos, as ideas e os argumentos nel implicados e relacionándoos cos demais do programa a fin de lograr unha integración dos módulos de contido e dos aspectos estruturais que conforman o corpus cognitivo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado ten a posibilidade de presentar as súas dúbidas no desenvolvemento de cada unha das sesións. O profesorado, atendendo as súas solicitudes, repasará conceptos, propondrá novos exemplos... Así mesmo, os e as estudantes poderán revisar a cualificación obtida na proba final escrita, formada á súa vez por dúas probas, comprobando que esta se axusta aos criterios de avaliación establecidos nesta guía docente.
Resolución de problemas de forma autónoma	Realizarase atención personalizada a demanda nas horas de titoría individualizada que consta na web da facultade, preferentemente previa cita.
Traballo tutelado	Nestas sesións en grupos reducidos, resolveranse de forma individualizada as dúbidas formuladas polo alumnado, en especial cando sexan comúns a varios deles ou ilustren un caso interesante. Se a cuestión é máis particular ou non queda plenamente resolta para algún estudante, trataríase nas horas de titoría individualizada, concertada preferentemente previa cita.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Resolución de problemas de forma autónoma	A súa estrutura e criterios de avaliación serán explicados na aula e subidos a Moovi ao final do primeiro mes do cuadrimestre.	30	A2 A4	B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C4 C5 C6	D1 D4 D15 D17 D18
Traballo tutelado	Cada traballo tutelado terá os seus propios criterios de avaliación que serán explicados na aula e subidos a Moovi.	20	A2 A4	B2 B3 B4 B5 B6	C1 C2 C4 C5 C6	D1 D4 D15 D17 D18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba A. Na aula da Facultade, establecida no documento oficial a este respecto, celebrarase un exame presencial no que o alumnado debe responder a unha serie de preguntas de resposta breve.	40	A2	B4 B5	C1 C4 C5 C6	D1 D15
Estudo de casos	Proba B. Na aula da Facultade, establecida no documento oficial a este respecto, celebrarase un exame presencial no que o alumnado debe responder ademais de a unha serie de preguntas de resposta breve, a unha pregunta na que debe aplicar os contidos do tema a un suposto práctico	10				

Outros comentarios sobre a Avaliación

A **calificación final da disciplina** resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha calificación positiva. O/a alumno/a que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha cualificación final de SUSPENSO. De suspender a materia, as partes superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico.

Os e as **estudantes non asistentes** deberán contactar ao inicio do cuadrimestre co profesorado, para coñecer os traballos que se solicitarán así como os seus prazos de entrega (moi similares aos desenvolvidos polo alumnado asistente, pero sempre realizados de forma individual).

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade, no espazo 'datas exames'.

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao **programa PIUNE (PAT)**.

Así mesmo, coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistemas de avaliación adaptaranse para alumnado do **curso ponte** garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponte ou profesionais en exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Calvo, M., **Técnico en Orientación e intervención sociolaboral**, 1ªed, MAD, 2011

De Alba, C., **Metodología de empleo con apoio en la inserción laboral de personas con discapacidade**, 1ªed, Paraninfo, 2015

Maya, P. e Caballero, J.J., **El animador sociolaboral: manual de formación.**, 1ªed, CCS, 2001

Pinera, P. (Coord.), **Pedagogía Laboral**, 1ª ed, Ariel, 2002

Sánchez Teruel, D., **Manual estrategias de intervención sociolaboral a personas en riesgo de exclusión: formación para el empleo**, 1ª ed, CEP, 2010

Bibliografía Complementaria

De Miguel, S. e Rosario Cerrillo, M. (Coords.), **Formación para la inclusión laboral de personas con discapacidad intelectual**, 1ª ed, Pirámide, 2010

Esteban, F., Alós, R., Jódar, P. e Miguélez, F., **La inserción laboral de ex reclusos. Una aproximación cualitativa**, 2014

Fernández González, M.R. e Dapía Conde, M.D., **La Animación Sociolaboral, un ámbito emergente de la Educación Social**, 2015

Santos Rego, M.A., Lorenzo Moledo, M. e Vázquez Rodríguez, A., **Educación no formal y empleabilidad de la juventud**, 1ª ed., Síntexis, 2018

Ibáñez Martínez, F., **Inserción sociolaboral**, Síntexis, 2017

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas/O05G130V01303

Discapacidade e educación social/O05G130V01909

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación de persoas adultas/O05G130V01401

Programas de animación sociocultural/O05G130V01503

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade.
